

BASES DO CONCURSO ENTROIDO 2022

Organiza: ASOCIACIÓN CULTURAL O PICATO

- A inscrición presencial terá lugar o día 12 de marzo das 14.30 ás 16.00 horas no pavillón municipal. Previamente a ese día poderase facer inscrición a través do Facebook da Asociación ou no número de teléfono 636 864 132 (Antía).
- Ás 17:30 horas as persoas participantes recibirán no citado pavillón un número de dorsal que colocarán en lugar visible para que o xurado poida tomar nota. Tamén recibirán a orde de saída para facilitar a colocación á hora de arrancar o desfile. Debe recoller a citada documentación unha persoa participante ou persoa na que deleguen e no caso de non presentarse a esa hora, a organización reservarase o dereito de aceptar a súa participación no desfile.
- No momento da recollida do dorsal deberase entregar a declaración responsable, que se facilitará a tódalas persoas participantes, de estar en posesión do Certificado Covid vixente.
- Prégase puntualidade na hora (18:00 horas) e lugar de saída indicado pola organización, así como a seguir as indicacións da mesma para levar a cabo o desfile de forma ordenada.
- Cada un dos/as participantes a título individual será responsable dos posibles danos que poida causar a terceiros.
- Serán descualificados todos aqueles/as concursantes que non cumpran as bases, que entorpezan o desfile, que leven a cabo actos violentos ou de calquera tipo e que se considere que poidan ferir a sensibilidade do público en xeral.

➤ Respetaranse en todo momento as medidas decretadas pola Xunta de Galicia en canto ao protocolo Covid-19 para os festexos de entroido:

-uso da máscara continuado tanto en exteriores como interiores para público e participantes.

-respetar a distancia de seguridade de 1,5 m.

-as persoas participantes no desfile deberán dispor de Certificado Covid segundo a normativa vixente.

➤ Modalidades a concurso:

Comparsas: enténdese como tales aos colectivos de máis de 10 persoas que presenten un espectáculo de baile ou coreografía e non empreguen instrumentos musicais reais ou equipos de música, senón elementos de percusión como pitos e turutas marcados por un bombo ou caixa.

Charangas: entendendo como tales aos colectivos de máis de 10 persoas que si incorporen instrumentos musicais reais e que mentres tocan van andando e interpretando letras populares ou propias.

Grupos: integrados por 3 ou máis persoas.

Carrozas: vehículo a motor ou de tiro animal, sobre o que viaxan a maior parte dos integrantes do grupo.

Parellas: 2 persoas.

Individuais: 1 persoa.

Infantís: considerados como tales aos menores de 12 anos, participen como individuais, parellas ou grupo.

Soci@s: poden participar en grupo, por parellas ou individualmente, iso si, no caso de ser máis dunha persoa, todas

deberán ter ingresada a correspondente cota de soci@ para poder optar ao premio.

NOTA IMPORTANTE: por mor do protocolo Covid-19, non se poderá desfilar sen máscara, o que implica que non se poidan empregar instrumentos musicais que supoñan prescindir da mesma.

- O xurado valorará aspectos como a orixinalidade, grado de elaboración e calidade dos disfraces.
- Tanto o xurado como a organización resérvanse o dereito de deixar premios desertos no caso de que a participación fose menor que o número de premios.
- Os premios serán entregados a partir das 00:00 horas e deberán ser recollidos por algunha das persoas gañadoras.
- A organización resérvase o dereito de facer cambios na programación e incluso suspender, en caso de forza maior ou inclemencias climatolóxicas que impedisen o normal desenvolvemento do desfile.
- Ningún membro da directiva da Asociación Cultural O Picato poderá participar en ningunha das modalidades a concurso.
- A organización no se fai responsable dos posibles contaxios que se poidan producir, apelando á responsabilidade individual de cada persoa.